



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 3 TRABALLADORES FORESTAIS ENCARGADOS DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (V.M.B)

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a contratación de 3 peóns traballadores forestais para o desempeño das labores encamiñadas á prevención, construción e mellora de infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios. A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo.

SEGUNDO: DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato é de 3 meses e medio que abranda dende o 1 de xullo a 15 de outubro de 2015, tal como establece a cláusula décima do Convenio de colaboración suscrito coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

TERCEIRA: REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- 1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea.
- 2 Ter cumpridos os 18 anos.
- 3 Estar en desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego.
- 4 Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.
- 5 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).

6 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Ley 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

7 Estar en posesión do **permiso de conducir C**.

CUARTA: CONVOCATORIA.

O Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com, con data do 17 de xuño de 2015.

Os/as candidatos/as disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó de publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no Rexistro Xeral sito na Casa do Concello, en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 10.00 a 13.00 horas. O PRAZO REMATA O DÍA 23 DE XUÑO DE 2015 ÁS 14:00 horas.

As solicitudes que se fagan noutro Rexistro Xeral distinto do de Boqueixón, deberán remitir unha copia de dita solicitude ó fax 981 513 000 no prazo máximo do día 23 de xuño.

QUINTA: COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará constituída como segue:

PRESIDENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES, SUPLENTE: ANSELMO CAEIRO VILAR.

SECRETARIO: ELENA SUÁREZ RODRIGUEZ, SUPLENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ.

VOGAL 1: ELIAS RODEIRO TATO, SUPLENTE: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS.

VOGAL 2: GONZALO TORRES GIL, SUPLENTE: CASIANO VELEIRO DIÉGUEZ

VOGAL 3: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO, SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA.

A comisión seleccionadora non poderá constituirse sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso será preciso a asistencia do presidente e o secretario.

As actuacións da Comisión seleccionadora serán recurribles conforme o establecido na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

A comisión reunirse para a realización das probas escritas e prácticas de selección e a entrevista de traballo e determinará os/as candidatos/as e propondrá o Alcalde a súa contratación.

SEXTA: SELECCIÓN DOS CANDIDATOS/AS

6.1 Este proceso ten carácter obrigatorio e consistirá na realización nun mesmo día de 3 probas, unha teórica, unha práctica e entrevista. As dúas primeiras terán carácter eliminatorio. As tres probas terán unha puntuación total máxima de 15 puntos:

1ª.- **PROBA ESCRITA.** Realizarase unha proba escrita dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión e o entorno territorial de Boqueixón que constará dun exame tipo test. A duración desta proba escrita será de 30 minutos e constará de 20 preguntas cunha soa resposta correcta, cada pregunta terá unha puntuación de 0,25 puntos e os erros non puntúan negativo. Esta proba terá unha puntuación total de 5 puntos.

Os/as candidatos/as deberán obter unha puntuación de 2,5 para poder superar esta proba e poder pasar á proba práctica. Aqueles candidatos/as que non superaron o 2,5 de puntuación quedarán excluídos/as do proceso.

Realizarase con data do 26 de xuño de 2015, ás 10:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello de Boqueixón, Os/as candidatos/as deberán traer DNI e bolígrafo azul.

Os interesados poderán recoller o temario, que figura no anexo I, previa solicitude no concello de Boqueixón.

2ª.- **PROBA PRÁCTICA.** Realizarase unha proba práctica dirixida a determinar a súa destreza no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

Esta proba práctica ten unha puntuación total de 5 puntos e para acceder á fase de entrevista persoal será preciso acadar 2,5 puntos.

Realizarase o día 26 de xuño de 2015, a continuación da anterior proba, ás 11:45 horas na Base de Protección Civil de Boqueixón.

3ª.- **ENTREVISTA PERSOAL.** A entrevista está dirixida a determinar a adaptabilidade, os coñecementos e o interese polo posto de traballo, así como a experiencia laboral. Esta fase terá unha valoración máxima de 5 puntos. A entrevista realizarase con data do 26 de xuño de 2015, a partir das 13:30 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Boqueixón.

6.2 Rematado o proceso de selección, a comisión elaborará unha relación de admitidos e suplentes que se fará pública no taboleiro de anuncios do Concello de Boqueixón.

Nota: os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada na proba práctica, se segue existindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada na proba escrita e segue existindo empate atenderase á puntuación acadada na entrevista.

SÉTIMA. FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS

Os/as candidatos/as seleccionados/as presentarán copia do NIF, cartilla da Seguridade Social, Tarxeta de Demandante de Emprego.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación, o alcalde dacordo coa proposta do tribunal calificador, procederá a formalizar o correspondente contrato á maior brevidade.

Será competencia do Alcalde a formalización dos contratos laborais cos aspirantes seleccionados, os cales deberán incorporarse ós seus postos de traballo.

O contrato axustarase á modalidade de obra ou servizo, a tempo completo na que se recollerán as funcións a desenvolver polos/as traballadores/as, as retribucións que correspondan no seu caso.

OCTAVA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATOS.

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recurribles nos termos previstos na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdicción contencioso – administrativo, o réximen xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

ANEXO I. TEMARIO

- Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón
- Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

INSTANCIA

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/DNI
TELÉFONO(E-MAIL):	ENDEREZO: RUA OU PRAZA E NÚMERO:		CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO	PROVINCIA	NACIONALIDADE	

CONVOCATORIA

POSTO DE TRABALLO	SISTEMAS ACCESO:
Traballador forestal encargado de manexo de motobomba	CONVOCATORIA PÚBLICA
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:	
Tarxeta do paro	
DNI	
Permiso de conducir C	

En Boqueixón, ode.....2015	Selo da Entidade
Sinatura	

ANEXO

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección da contratación de persoal temporal de 3 peón forestais encargados do manexo e actuacións do vehículo da motobomba.

Don/a.....,

con DNI..... e domicilio en

nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo dos 3 peóns forestais encargados do manexo e actuacións do vehículo da motobomba.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes, DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o de de 2015

Sinatura:.....